



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



centro autonómico
de formación e innovación



“Curso de formación: Proxectos de ciencia na aula”

Dirixido ao profesorado de ensinanza infantil, primaria e secundaria

Con motivo da celebración da **XVI edición de “Ciencia en Acción”** que terá lugar **do 2 ao 4 de outubro na Domus da Coruña**, convócase o seguinte curso de formación:

- > Tema: **“Proxectos de ciencia na aula”**

- > Datas: 4 e 11 de marzo

- > Lugar: **IES Rosalía de Castro (Santiago de Compostela)**

- > Hora: 16:30 a 20:30 horas

O curso ten un recoñecemento de **8 horas de formación**.

Organiza a Concellaría de Educación, Deportes e Xuventude do Concello da Coruña, o CAFI (Centro Autonómico de Formación) de Santiago de Compostela, e os Museos Científicos Coruñeses.

“**Ciencia en Acción**” é un concurso científico-tecnolóxico de ámbito estatal e internacional, que por medio de ideas innovadoras presenta a ciencia dun xeito atractivo e motivador de forma que a mocidade e o público se interesen por ela.



Está dirixido a estudantes de todas as etapas educativas, profesorado, persoal de investigación e divulgadores da comunidade científica, en calquera das súas disciplinas.

É unha iniciativa do Consello Superior de Investigacións Científicas, o Instituto de Ciencias Matemáticas, a Real Sociedade Española de Física, a Real Sociedade Española de Química, a Sociedade Española de Astronomía, a Sociedade Española de Bioquímica e Bioloxía Molecular, a Sociedade Xeolóxica de España e a Universidade Nacional de Educación a Distancia.

Ao longo do seu programa pódese visitar a feira, asistir a conferencias e participar activamente en obradoiros e actividades.

Máis información en www.cienciaenaccion.org



Programa

Sesión 1: Mércores 4 de marzo

- 16:30h Benvida de Ubaldo Rueda, Director do IES Rosalía de Castro sede de Ciencia en Acción en 2011.
- 16:35 h Presentación do curso de formación polo Responsable do Departamento Científico-Tecnolóxico e Social do CAFI da zona de Santiago.
- 16:45h Presentación da edición de Ciencia en Acción na Coruña. Patricia Barciela, directora da Domus.
- 17:00h Presentación de proxectos de ciencia en presentacións de “*Puesta en escena*” e “*Adopta una Estrella*” a cargo de Jesús Fidalgo, profesor do IES Rosalía de Castro e participante en Ciencia en Acción
- 18:30h Pausa
- 19:00h Presentación de traballos de divulgación científica e participación en foros internacionais a cargo de Jorge Mira, profesor da Universidade de Santiago e participante en Ciencia en Acción..
- 20:30h Fin da sesión

Sesión 2: Mércores 11 de marzo



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



centro autonómico
de formación e innovación



- 16:30h Presentación de proxectos de demostracións de Química, Ciencia e Tecnoloxía e “*Adopta una Estrella*” a cargo de Constantino Alvarez profesor do IES Rosalía de Castro e Mercedes Neira, profesora do IES de Ames, Ames, e participantes en Ciencia en Acción.
- 18:30 h Pausa
- 19:00 h Presentación de Materiais Didácticos de Ciencia Interactivos a cargo de Ramon Cid, profesor da Universidade de Santiago e participante en Ciencia en Acción.
- 20:30h Fin da sesión.